

**Expediente núm: 145/2022**

**Procedemento: Selección de persoal e Provisión de postos.**

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 TRABALLADOR/A PARA O POSTO DE TRABAJO DE MONITOR/A DEPORTIVO/A, DE OCIO E TEMPO LIBRE E SOCORRISTA PISCINAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE MUIÑOS PARA O ANO 2022**

**1.-OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de 1 traballador/a coa categoría de monitor/a deportivo/a, de ocio e tempo libre e socorrista piscinas municipais.

As funcións a desenvolver serán as seguintes:

- Protexer aos bañistas das piscinas municipais de Muíños e socorrelos en caso de accidente.
- Vixiar o cumprimento de normas e uso das instalacións (piscinas e demais instalacións deportivas)
- Atención aos bañistas.
- Auxiliar en caso de accidente.
- Rexistrar anotacións do PH e cloración da auga no libro de rexistro sanitario
- Campamentos de Verán (organización e desenvolvemento dos mesmos).
- Actividades de tempo libre.
- Actividades deportivas.
- Obradoiros.
- Charlas.
- Outras tarefas de apoio relacionadas coas actuacións socioculturais e deportivas do concello.



Entre as persoas candidatas admitidas e non seleccionadas farase unha bolsa de traballo ordenada pola puntuación obtida para a cobertura das vacantes que se produzan nos postos de traballo da mesma categoría profesional durante o exercicio 2022 por causa dalgunha das seguintes circunstancias:

- Baixa por IT.
- Contratacións de persoal laboral temporal coa mesma categoría de monitor/a deportivo/a, de ocio e tempo libre e socorrista piscinas municipais, subvencionada por outras administracións e que non requiran de procedementos específicos de selección de persoal conforme ás súas bases reguladoras.
- Outras causas semellantes xustificadas.

## **2.-SISTEMA DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección será o de concurso-oposición e constará das seguintes fases:

1. Valoración de méritos.
2. Proba práctica.
3. Entrevista
4. Proba de galego. Artigo 7.E.

## **3.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Serán requisitos imprescindibles:

- a) Ser español/a ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión



Europea, se encuentre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do certificado en ESO ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente

- d) Estar en posesión do Título oficial de Socorrista Acuático ou titulación equivalente que a englobe, que se deberá acreditar mediante documentación oficial e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia de conformidade co disposto no Decreto 63/2021 de 22 de abril polo que se modifica o Decreto 104/2012 de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

No caso de comunitarios ou extranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo órgano competente.

- e) Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias do título Director/a de actividades de tempo libre.

Esta formación é un requisito que deben posuír as persoas candidatas para poder presentarse neste procedemento de selección. Esta formación non será obxecto de valoración na fase de concurso.

- f) Estar en posesión do Carnet de Conducir tipo B.
- g) Estar en posesión do curso CELGA 3, perfeccionamento de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- i) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no



que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- j) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- k) Non ter antecedentes por delitos de natureza sexuais. Aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, e a lei 45/2015 de voluntariado para Traballar con Menores, o candidato presentará unha autorización para que o concello de Muños solicite e recolla en nome do candidato do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual.
- l) Xustificante de pago de taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº197 do 28/08/2014), de acordo co seguinte detalle:

-*"Tarifa sexta-persoal laboral temporal e funcionarios interinos :10,00 €"*.

O pago da taxa realizarase mediante o ingreso na conta bancaria de titularidade municipal seguinte:

ES13 2080 0442 1131 1000 0025

#### **4.-DURACIÓN**

A contratación terán unha duración máxima de seis (6) meses, a xornada completa, baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, ao abeiro do previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. A contratación deberá efectuarse antes do 31.03.2022. Ao abeiro do establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores establécese un período de proba de 1 mes.

No caso das contratacións que se realicen ao longo do ano entre as persoas candidatas que conformen a bolsa de traballo aplicarase a modalidade contractual laboral temporal que se adecúe a situación que se pretende cubrir segundo o previsto na lexislación laboral vixente



## 5.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1. As instancias solicitando formar parte do proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello de Muíños ( anexo II), e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da da Provincia (BOP).

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico ([concello.muinos@eidolocal.es](mailto:concello.muinos@eidolocal.es)), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

O horario de presentación de documentación no rexistro do Concello será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

As bases íntegras publicaranse na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello ( [concellomuinos.com](http://concellomuinos.com)).

No caso en que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

## 6.- DOCUMENTACIÓN

O modelo de solicitude figura como Anexo I das presentes bases.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- b) Fotocopia cotexada do Certificado en ESO ou equivalente
- c) Fotocopia cotexada do Título oficial de Socorrista Acuático ou titulación equivalente que a englobe.



- d) Fotocopia cotexada do Título Director/a de actividades de tempo libre.
- e) Fotocopia cotexada do curso CELGA 3, perfeccionamento de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.
- f) Fotocopia cotexada do Carnet de conducir tipo B.
- g) Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- h) Autorización para que o concello de Muños solicite en nome do candidato do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual. (Anexo III).
- i) Xustificante de pago de taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº197 do 28/08/2014), de acordo co seguinte detalle: *"Tarifa sexta-persoal laboral temporal e funcionarios interinos :10,00 €"*.

O pago da taxa realizarase mediante o ingreso na conta bancaria de titularidade municipal seguinte: ES13 2080 0442 1131 1000 0025.

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación en tempo e forma.

A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente (artigo 3º), determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas.

Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó/á interesado/a.

- j) Documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

O tribunal valorará a documentación presentada por cada un dos/as candidatos/as. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos. En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.



Igualmente, se o Concello ten no seu poder documentación relativa aos requisitos ou méritos dalgunha persoa solicitante que fose presentada en procesos selectivos anteriores, de conformidade co previsto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non terán obriga de presentala, facéndoo constar na súa solicitude de participación.

## **7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso-oposición que se levará a cabo mediante a validación dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, así como a fase de entrevista e proba práctica.

### **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Puntuación máxima: 3,5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos, administracións públicas e organismos e entidades dependentes delas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste expresamente os períodos de alta e baixa no sistema da Seguridade Social e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

### **B) FORMACIÓN.** Valorarase a formación nas materias propias do posto: máximo: 2,5 puntos.

1. Por Titulación superior á esixida para o desempeño do posto de traballo, en materias relacionadas co mesmo : máximo: 1 punto
  - Por licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos
  - Por diplomatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos



2. Cursos de máis de 250 horas: 0,50 puntos/curso.
3. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso
4. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación acreditarase con certificado ou diploma de asistencia ao curso con indicación do número de horas lectivas (organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública).

**C) PROBA PRÁCTICA:** Puntuación máxima: 2 puntos.

Realizarase unha proba práctica sobre as funcións a desenvolver. Esta proba realizarase por persoal cualificado baixo a supervisión do Tribunal de selección.

**D) ENTREVISTA:** Puntuación máxima: 2 puntos.

Realizarase unha entrevista de carácter profesional sobre os méritos adecuados ás características do posto. Valorándose o coñecemento do territorio e as características propias do contorno e da poboación que o tribunal cualificador considere.

Nos supostos nos que se obtivese igual puntuación por algún ou algúns dos candidatos, os desempates dirimiranse atendendo á maior puntuación obtida por experiencia profesional. No caso de persistir o empate, este se dirimirá mediante sorteo.

**E) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba escrita ou oral, a criterio do tribunal e que acredite o coñecemento da lingua galega por parte do aspirante.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de





que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 3, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

## **8.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O Tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

### **Tribunal titular:**

#### **Presidente :**

-Manuel Valentín Pérez Nieto, adxunto ao Xefe do Servizo de RR.HH., Formación e Réxime Interior da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

#### **Secretaria:**

Maria Elena Dominguez Gomez, Secretaria Interventora Acctal. do Concello de Muños.

#### **Vogal:**

- D. David Carnero Lorenzo, Monitor Deportivo do Concello de Xinzo de Limia.

#### **Vogal:**

-Ana M<sup>a</sup> Antúnez Pérez, Tecnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muiños.

#### **Vogal:**

- M<sup>a</sup> Carmen Dominguez Pérez, Traballadora Social do Concello de Muiños.

### **Tribunal suplente:**

#### **Presidente:**

-Esteban Fernández Alvarez, Xefe de Sección de Selección de Persoal do Servizo de Recursos Humanos da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

#### **Secretaria:**

- Rosa Pena Seoane, Administrativa do Concello de Muiños.

#### **Vogal**

- D. Oscar Gómez Míguez, Monitor Deportivo do Concello de Xinzo de Limia.

#### **Vogal**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Garcia Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Sarreaus.

#### **Vogal:**

- Marina Sara González Soto, Asesora Xurídica de Asuntos de Urbanismo e demais Servizos Municipais do Concello de Pereiro de Aguiar.



O Tribunal Cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados na sección 3ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectúase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

## 9.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica Municipal [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]. Nesta lista indicárase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, de ser o caso.

As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica Municipal [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de persoas admitidas e excluídas (non para achegar novos méritos non alegados ata entón). As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidos/as, serán consideradas definitivamente excluídas. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito.

Se non existen persoas candidatas excluídas, a Alcaldía elevará a definitiva a lista



provisional na mesma resolución de aprobación e sinalará o día e hora para a realización da entrevista curricular.

Contra as resolucións indicadas poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en dereito.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica Municipal [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado segundo o establecido no artigo anterior.

## **10.- BOLSA DE TRABAJO**

### **10.1.Procedemento de chamamento**

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva.

As persoas candidatas relacionadas na Bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación ata a próxima actualización de méritos, agás o establecido no apartado 10.2. e 10.3 das presente Bases.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1º. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas

2º. Chamada telefónica entre a 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar mais dun número de teléfono deberá especificar un orden de preferencia.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12 horas do primeiro día



hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflecta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización das persoas candidatas, os/as integrantes da bolsa están obrigados/as a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa.

Obtida a conformidade da persoa interesada a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista.

As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación.

No caso de que algunha persoa integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun/dunha traballador/a desta bolsa, poderá ser informada das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

## **10.2. Renuncia e suspensión de chamamentos**

No caso de que a persoa interesada renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificados nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamada, debendo achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.



- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 2 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento que acredite a xustificación de devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ao final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

### **10.3. Exclusión**

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratada.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

### **11.-CONTRATACIÓN**

A persoa candidata seleccionada serán contratada en virtude de Decreto da Alcaldía, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da Sede electrónica municipal. Con carácter previo, a persoa candidata seleccionada terá que achegar o orixinal de toda a documentación achegada coa solicitude de participación neste proceso selectivo que así lle sexa requirida polo Concello para a súa comprobación.

As contratacións que se realicen sobre a bolsa de traballo realizaranse por Decreto da Alcaldía e publicaranse na Sede Electrónica Municipal.



## RECURSOS

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polas persoas interesadas utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O alcalde.- Plácido Alvarez Dobaño.

*(Documento asinado electronicamente )*



**ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.**

**DATOS DO SOLICITANTE.**

<b>NOME E APELIDOS:</b>			
<b>NIF / NIE Nº.:</b>		<b>NACIONALIDADE:</b>	
<b>DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>TELÉFONO MÓVIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>			

**EXPÓN:** Que, unha vez informado das Bases para a selección de 1 traballador/a para o posto de traballo de monitor/a deportivo/a, de ocio e tempo libre e socorrista piscinas municipais, no Concello de Muíños para o ano 2022

**SOLICITA:** Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

**POSTO SOLICITADO:**

- **Monitor/a deportivo/a, de ocio e tempo libre e socorrista piscinas municipais.**

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS MÉRITOS A VALORAR:**

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- Fotocopia cotexada do Certificado en ESO ou equivalente
- Fotocopia cotexada do Título oficial de Socorrista Acuático ou titulación equivalente que a englobe.
- Fotocopia cotexada do Título Director/a de actividades de tempo libre.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia cotexada do carnet de conducir tipo B.



- Acreditación pago taxa.
- Anexo II.
- Anexo III.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

**LUGAR, DATA E FIRMA.**

En Muíños, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.

Asdo.: \_\_\_\_\_





De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Muiños realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica do Concello de Muiños e na Páxina Web do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoales e garantía dos dereitos dixitais, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello de Muiños, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Muiños e incorporados á actividade de tratamento "Provisión de postos de traballo", coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento baséase no consentimento do interesado no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Muiños. Os datos de carácter persoal podense comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e na sede electrónica do Concello de Muiños. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Muiños, Praza San Rosendo, nº 1, 32880 Muiños (Ourense) ou na dirección de correo electrónico concellomuiños.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS.**



## ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,  
con DNI núm. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_.

### DECLARA

baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso para a selección de 1 traballador/a para o posto de traballo de monitor/a deportivo/a, de ocio e tempo libre e socorrista piscinas municipais, no Concello de Muíños para o ano 2022:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En Muíños, a .... de .....de 2022.

O/A solicitante,

Asdo: \_\_\_\_\_.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MUIÑOS**



**ANEXO III.-MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A CLÁUSULA TERCEIRA, PARÁGRAFO K) DAS BASES SELECCIÓN DE 1 TRABALLADOR/A PARA O POSTO DE TRABALLO DE MONITOR/A DEPORTIVO/A, DE OCIO E TEMPO LIBRE E SOCORRISTA PISCINAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE MUIÑOS PARA O ANO 2022**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI nº \_\_\_\_\_, e domicilio particular a efectos de notificacións en  
Rúa: \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ esc \_\_\_\_\_ piso \_\_\_\_\_  
porta \_\_\_\_\_  
Municipio \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_  
Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Email: \_\_\_\_\_

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, e a lei 45/2015 de voluntariado para Traballar con Menores,

AUTORIZO a D<sup>a</sup> ANA MARIA ANTÚNEZ PEREZ na súa condición de Funcionaria da entidade CONCELLO DE MUIÑOS para que solicite e recolla no meu nome do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual.

Muiños, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS**

